Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN

PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCERIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2023

1. ***Plan de control financeiro 2023 - subvencións pagadas pola Deputación nos exercicios 2020-2021***.

2. ***Plan de control 2023 – Concello de Arzúa.***

3. ***Plan de control 2023 – Concello de Boqueixón***.

4. ***Plan de control 2023 – Concello de Cee***.

5. ***Plan de control 2023 – Concello de Dodro***.

6. ***Plan de control 2023 – expedientes derivados do Servizo de Fiscalización.***

7. ***Dilixencia da selección da mostra de entidades do Plan 2023.***

EXPTE 2023000031371

PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2022, REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NOS EXERCICIOS 2020 E 2021, COA INCLUSIÓN DOS ELEMENTOS DE RISCO DETECTADOS NA INTERVENCIÓN PREVIA E COMUNICADOS POLA XEFA DE SERVIZO DE FISCALIZACIÓN.

I. INTRODUCIÓN.

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como dí a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostebilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, sección e servizos.

Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento.

Para acadar o obxectivo exposto, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

No marco normativo exposto, este órgano interventor elaborou e aprobou o **PLAN DE CONTROL INTERNO 2023 (referencia Subtel 2023000016578),** do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de marzo de 2023 (punto 26 da orde do día). No marco de dito Plan, o control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención xa vén realizando a función de control financeiro desde o ano 2006, **amosando os resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, no só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.**

Para continuar con estas actuacións de control financeiro de subvencións, procede neste ano 2022 executar o control sobre as subvencións pagadas en exercicios anteriores; mais tendo en conta que no Plan de 2022 -que vimos de rematar nestes días- foron obxecto de control as pagadas no ano 2019, corresponde agora realizar o control sobre o conxunto das pagadas no ano 2020; no en tanto, tanto o ano 2020 como o seguinte de 2021 estiveron marcados pola excepcionalidade da pandemia provocada polo COVID-19, circunstancia, que alterou os ritmos de traballo tanto na concesión, xustificación e pagamento das subvencións, coma na propia execución dos respectivos plans de control financeiro anuai. Por esta razón e coa finalidade de evitar calquera risco de prescrición dos reintegros e posíbeis infraccións que se descubran nos procedementos de control financeiro, considérase conveniente agrupar nesta Plan de 2023 o control sobre as subvencións pagadas os exercicios 2020 e 2021, determinándose así o universo sobre o que se tomará a mostra dos expedientes a comprobar.

Por outra banda, ao longo do exercicio de 2022 foronse sometendo á intervención previa as propostas de pagamento de subvencións concedidas no exercicio 2021, labor no que o persoal adscrito á fiscalización previa ten coñecido dalgúns expedientes nos que se teñen apreciado algúns elementos de risco, razón pola que estes expedientes van a ser incluídos directamente na mostra.

Xa que logo, dándolle cumprimento á normativa reguladora de control interno, tomando en consideración ás previsións contidas no Plan de control interno elaborado e coñecido polo Pleno da Corporación para o período 2023 e consonte ao previsto na Base 56ª das de Execución do Orzamento xeral para o exercicio 2023, preséntase nos apartados seguintes o **PLAN DE CONTROL FINANCEIRO 2023, RELATIVO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS AO LONGO DOS EXERCICIOS ECONÓMICOS 2020 e 2021, ASI COMO SOBRE OS ELEMENTOS DE RISCO DETECTADOS NO EXERCICIO DA INTERVENCIÓN PREVIA.**

II. ANÁLISE PREVIO DE RISCOS.

Os riscos na incorrecta aplicación dos fondos públicos a través de subvencións xa foron postos de manifesto nos sucesivos plans de control financeiro de subvencións executados desde o ano 2006. Sen dúbida é unha das áreas de gasto na que se aprecia un maior risco de incumprimento, tanto formal coma material, ao seren terceiros os que xestionan a aplicación dos fondos públicos entregados.

Os resultados obtidos ata este momento na execución do Plan de control aprobado no exercicio 2022 para o control das subvencións pagadas nos exercicio 201, seguen a evidenciar un grao elevado de risco, fixándose o mesmo no 47,54 **por cento de elementos defectuosos atopados** (operación vinculadas non autorizadas previamente, subcontratación non permitida, falsidade de facturas, exceso de financiamento, falla de rexistros contábeis, entre outras).

Así, foron tramitados efectivamente con emisión de informe definitivo (non se inclúen os obtidos inicialmente na mostra pero que logo foron arquivados) 61 expedientes, dos que 32 remataron con informe de conformidade (52,46 por cento) e 29 con informe de desconformidade (47,64 por cento), ben con proposta de reintegro e incoación de expediente sancionador, só con proposta de expediente sancionador ou con apreciación de infraccións que xa estaban prescritas.

Por outra banda, o Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes emitiu informes relacionados con tres expedientes dos programas FO 103B/2020 e FO 223/2021 nos que pon de manifesto as dúbidas e riscos apreciados. Xa que logo, todos eles van a ser incorporados a este Plan de control financeiro a desenvolver no exercicio 2022.

III. A CONCRECIÓN DO PLAN: UNIVERSO E CRITERIOS DE ESCOLLA.

1. Universo:

O Plan vai executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2020 e 2021 á entidades privadas, segundo listaxe que se incorpora como Anexos I e II. Quedan excluídas do universo as subvencións pagadas a entidades locais e outras entidades públicas, pois polo seu carácter xa están sometidas ao control dos órganos de control interno daquelas entidades.

Pola aplicación do principio de escasa importancia relativa, entendendo asemade que o custo da actividade administrativa de control sería superior aos recursos públicos aplicados, tamén se decidiu excluír do universo as subvencións pagadas por importe inferior a 600 euros.

Dentro deste universo cómpre realizar unha división, con dous grupos diferenciados:

- Por unha banda, as subvencións pagadas á entidades non lucrativas (imputación aos artigos 48 e 78 da clasificación económica do estado de gastos), no que se atenderon os pagamentos de 1.695 expedientes no exercicio 2020 e 1.537 no exercicio 2021.
- Por outra banda as pagadas á empresas, persoas físicas ou xurídicas, con imputación aos artigos 47 e 77 do Estado de gastos. Neste grupo o número de expedientes atendidos con pagamentos individuais superiores aos 600,00 euros foi de 73 no exercicio 2020 e de 290 no 2021.

Xa que logo, agregándose estes catro grupos que figuran nos correspondentes anexos, queda determinado un universo composto por 3.595 expedientes

2. O tamaño da mostra:

Para determinar o número de expedientes sobre os que se realizarán actuacións (tamaño da mostra) utilízase a seguinte fórmula de mostraxe aleatorio simple, partindo dos seguintes datos:

UNIVERSO EXERCICIOS 2020-2021	3.595 expedientes
UNIVERSO EXERCICIO 2019 (Grupos I e II)	1.993 expedientes
UNIVERSO EXERCICIO 2018	1.890 expedientes
PORCENTAXE DE ELEMENTOS DEFECTUOSOS EN EXERCICIO 2019	47,50
PORCENTAXE DE ELEMENTOS DEFECTUOSOS EN EXERCICIO 2018	53,00

Mediante o tratamento dos anteriores datos coa fórmula de mostraxe aleatorio simple, obtense o seguinte resultado:

N = TAMAÑO DO UNIVERSO	**3595**
P.ESP = Porcentaxe esperada de elementos defectuosos	0,50177
Precisión %	1,5
Nivel de confianza %	90

P.ESP=(N_{t-1} ^P_{t-1} + N_{t-2} ^P_{t-2}) / (N_{t-1} + N_{t-2})

sendo N_{t-1} y N_{t-2} os tamaños dos universos en los períodos inmediatamente anteriores ao actual.

sendo ^P_{t-1} y ^P_{t-2} as estimacións das porcentaxes de elementos defectuosos nos dous períodos inmediatamente anteriores ao actual.

NOTA: Si P.ESP resulta <= 0,5 se tomará 0,5

N_{t-1} =	1993
N_{t-2} =	1890
^P_{t-1} =	47,5
^P_{t-2} =	53

n = TAMAÑO DA MOSTRA	**58,72**

n=(N*P.ESP*(100-P.ESP) / Vo*(N-1)+P.ESP*(100-P.ESP)

siendo P.ESP*(100-P.ESP)= 49,9252802

siendo Vo=(PRECISION/1,64)²= 0,83655562

INTERVALO	**61,22**

Int. = N / n

Xa que logo, a mostra incluirá 59 expedientes, que serán escolleitos segundo o procedemento que se detalla no seguinte apartado.

3. Criterios de escolla da mostra:

Para a selección dos 59 expedientes da mostra, vaise a seguir o seguinte procedemento:

3.1. Grupo 1: Universo formado polas subvencións pagadas a entidades non lucrativas ordenadas de maior a menor contía e incluídas en dous Listaxes diferenciados (exercicios 2020 e 2021):

Deste grupo vanse a escoller 30 expedientes, de acordo cos seguintes criterios.

- **1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 10.**

  Seleccionaranse ao chou 2 expedientes dos 10 que forman o tramo no exericicio 2020 e 2 dos dez primeiros do exercicio 2021 (o 20 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-5 para escolla na listaxe de 2020 e outro cardinal distinto no mesmo intervalo para realizar a escolla sobre este primeiro tramo na Listaxe de expedientes de 2021.

- **2º TRAMO: Expedientes do 11 ao 110.**

  Seleccionaranse 10 expedientes do estrato composto por 100 expedientes en cada un dos Listaxes (2020 e 2021). Seleccionarase ao chou un cardinal no intervalo 1-10, diferente para cada un dos listaxes.

- **3º TRAMO: Expedientes do 111 ao final de cada Listaxe.**

  Neste estrato formado por 1.585 expedientes no exercicio 2020, tomaranse 3 expedientes, quedando fixado o intervalo en 528. O primeiro seleccionarase ao chou no intervalo 111-638 e os seguintes de igual xeito, no intervalo 639-1166, e o terceiro no intervalo restante 1167-1695.

  Cunha regra de carácter análogo, neste estrato formado por 1.427 expedientes no exercicio 2021, tomaranse igualmente 3 expedientes, un entre cada 475 expedientes, agás o derradeiro tramo, que constará de 477 expedientes.

3.2. Grupo II: subvencións do PEL e outras a prol de persoas físicas e entidades mercantís ou outras de natureza lucrativa.

Dado que sobre o primeiro grupo van a escollerse 30 expedientes, para completar a mostra de expedientes, deberanse seleccionar 29 expedientes deste Grupo II no que se desglosou o universo. O criterio polo que, en termos porcentuais, o tamaño da mostra é más elevado neste Grupo II, está amparado en dúas razóns: a primeira é que as subvencións a empresas é unha política de promoción económica recente, sendo no mandato 2015-2019 cando se implantou por primeira vez o Programa PEL para axudar a empresas de nova creación e na contratación de traballadores; a segunda é que neste Programa se ten detectado unha maior porcentaxe de elementos defectuosos, o que obriga a intensificar esta funció de control financeiro.

Para levar a cabo a escolla neste Grupo II, vanse a utilizar os mesmos intervalos que no grupo anterior, se ben adaptados ao importe e número de elementos de cada estrato, fixándose os seguintes:

- **1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 10.**

Seleccionaranse ao chou 2 expedientes dos 10 que forman o tramo no exercicio 2020 e 2 dos dez primeiros do exercicio 2021 (o 20 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-5 para escolla na listaxe de 2020 e outro cardinal distinto no mesmo intervalo para realizar a escolla sobre este primeiro tramo na Listaxe de expedientes de 2021.

- **2º TRAMO: Expedientes do 11 ao final de cada Listaxe.**

Dado que no exercicio 2020 figuran neste tramo os expedientes 11-73 (63 expedientes) e no exercicio 2021 os expedientes 11 a 290 (280 expedientes), para aplicar a mesma probabilidade de escolla nos dous exercicios, aplícarase o intervalo 14, resultante do sumatorio do número de expedientes das dúas listaxes (343) dividido polo número de expedientes a escoller (25). Xa que logo, seleccionarase ao chou un número cardinal no intervalo 1-14 e aplicarase deseguido, empezando pola listaxe de 2020 e continuando coa

listaxe de 2021. E dado que o derradeiro intervalo só conta con 8 expedientes, para o caso de que o cardinal aleatorio supere dito valor, seleccionarase ao chou outro cardinal específico para este intervalo 1-8.

Cando a subvención sexa de capital, tramitarase un procedemento ordinario, coa comparecencia do actuario na sede da entidade, para o efecto da realización a comprobación material do investimento realizado.

Se a subvención é de carácter corrente, incoarase inicialmente un procedemento abreviado, sen comparecencia do actuario, solicitándose inicialmente a documentación necesaria para facer as comprobacións oportunas; agora ben, se o interventor responsable do control financeiro o estima necesario, pola complexidade do expediente ou da contabilidade, poderase acordar a tramitación do expediente co carácter de ordinario.

De acordo co disposto no artigo 30.2 d) da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, cando un expediente conclúa con proposta de reintegro total ou parcial, procederase a estender as actuacións a todas as subvencións concedidas e pagadas a entidade beneficiaria, sempre que non se teña producido a prescrición.

IV. RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitirase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitirase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e tamén ao servizo xestor do expediente. Tamén serán remitidos ao Presidente e, a través de este órgano administrativo, ao Pleno da Corporación, para o seu coñecemento.

Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionadores, cando se observe a comisión de accións tipificadas coma infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarase no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos ulteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

Consonte ao previsto no artigo 31.3 do Regulamento de control interno, o presente Plan será remitido a efectos informativos ao Pleno da Corporación. Unha vez que o Pleno da Corporación tome coñecemento do mesmo, será publicado na sede electrónica da Deputación de A Coruña, aos efectos de xeral coñecemento.

O interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.

PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2023, REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2020 e 2021 POLO CONCELLO DE ARZÚA.
EXPEDIENTE: 2022000031371

1.- INTRODUCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como di a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, seccións e servizos.

Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE ARZÚA NA DEPUTACIÓN

2.1. O 6 de xullo do 2020 foron publicadas no BOP da Coruña núm. 101 as "**Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes**". Tal como se explica no fundamento do acordo adoptado, debido a escaseza de persoal adscrito aos órganos interventores municipais, a Intervención da Deputación, no exercicio das funcións de asistencia económica a municipios, decidiu ampliar esta oferta de cooperación para os concellos situados na banda entre 5.000 e 10.000 habitantes, entendendo que, xuntamente cos de menos de 5.000 habitantes, son os que contan cunha estrutura organizativa da Intervención municipal moi reducida.

Conforme á base terceira, que recolle o contido e alcance da delegación: "*Os concellos poden delegar as seguintes funcións:*

*a) O exercicio das funcións de **control financeiro sobre as subvencións** pagadas nun exercicio determinado ou de todos os exercicios pechados, sempre que as*

obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

*b) A instrución e resolución dos **expedientes de reintegro e sancionadores derivados** dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.*

2.2. O 17/02/2022 recíbese nesta Deputación certificado da secretaria do Concello de Arzúa, co visto e prace da súa Alcaldía, do acordo plenario adoptado na sesión Ordinaria celebrada o 7 de xaneiro de 2021, que acordaba delegar nesta Deputación as funcións referentes ao control financeiro de subvencións outorgadas polo Concello de Arzúa, así como a delegación da xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

2.3. Tendo en conta os antecedentes, lexislación aplicábel e consideracións expostas, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 25 de marzo do 2022, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Arzúa.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.

2.4. A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP o 06/04/2022.

3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLO CONCELLO DE ARZÚA NOS EXERCICIOS DE 2020 e 2021.

O control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención provincial xa vén realizando dende o ano 2006, **amosando nos resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, non só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.**

Posto que na Deputación procede este ano 2023 executar o control sobre **as subvencións pagadas en 2020 e 2021,** seguindo o mesmo criterio, tamén se empezará a facer o control financeiro das subvencións de Arzúa pagadas neses mesmos anos .

Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

O Plan executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicios 2020 e 2021 polo concello de Arzúa a entidades privadas, con e sen ánimo de lucro, segundo listaxe que se incorpora como Anexo a este informe.

O universo das subvencións pagadas polo Concello de Arzúa en 2020 e 2021, unha vez eliminadas as axudas de emerxencia social, os premios, o comedor escolar e as que non superan os 600 euros é o seguinte:

Ano	Lucrativas	Non lucrativas
2020	0	29
2021	69	6

Segundo o cálculo estatístico do número aleatorio e considerando o tamaño da mostra, a través dunha folla excel, seleccionáronse os expedientes obxecto de control:

Ano	Universo non lucrativas	Defectuosos ano anterior	Mostra	Intervalo (universo/mostra)	Nº aleatorio
2020	29	2	3	10	1

Ano	Universo non lucrativas	Defectuosos ano anterior	Mostra	Intervalo	Nº aleatorio
2021	6	2	1	6	2

Ano	Universo lucrativas	Defectuosos ano anterior	Mostra	Intervalo	Nº aleatorio
2020	0	0			
2021	69	0	3	23	23

4.- RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitirase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Arzúa, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitirase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Arzúa.

Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas como infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarase no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos ulteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto
Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral
José Manuel Pardellas Rivera.

ANEXO CON UNIVERSO E SELECCIONADOS

UNIVERSO CONCELLO DE ARZÚA 2020 - NON LUCRATIVAS					
Fase	**Fecha**	**Importe**	**Tercero**	**Nombre Ter.**	**Texto Libre**
R	23/12/2020	44.000,00 €	G15384837	CASINO SOCIEDAD DEPORTIVA ARZÚA	SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NAS BASES DE EXECUCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE COMPETICIÓN DA DITA ENTIDADE
R	10/02/2020	10.000,00 €	G15930043	CLUB NATACION ARZÚA	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	10/02/2020	7.000,00 €	G15736903	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA EDA	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	10/02/2020	4.300,00 €	G70563135	ARZÚA CLUB DE FUTBOL FEMININO	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	10/02/2020	2.500,00 €	G15353907	ARZÚA CLUB AMIGOS BALONCESTO	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	23/12/2020	2.400,00 €	G15346109	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA ARZÚA	SUBV. NOMINATIVA PARA ASOCIACIÓN EMPRESARIOS COMARCA ARZÑA PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO EN ARZÑA
R	10/02/2020	2.300,00 €	G70324553	ASOCIACIÓN FESTA DA GAITA GALEGA	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA (COMPROMISO GASTO EXERCICIOS ANTERIORES, RESOLUC 625/2019 DO 07/10/2019
R	10/02/2020	2.000,00 €	G70261607	CLUBE DE MONTAÑA RATOS LIBRES	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	10/02/2020	1.300,00 €	G15911472	ESCUDERIA TALLERES GALICIA SPORT	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	23/12/2020	1.200,00 €	Q1500348F	IES DE ARZÚA	SUBV. NOMINATIVA PREVISTA BASES EXECUCIÓN VIAXES PROXECTOS FORMATIVOS E EDUCATIVOS IES ARZÚA
R	10/02/2020	975,00 €	Q1500348F	IES DE ARZÚA	CONCESIÓN SUBVENCIÓN ACTIVIDADES EDUCATIVAS (COMPROMISO GASTO EXER ANTERIOR, RESOLUCION 03/12)
R	10/02/2020	975,00 €	Q6555046I	COLEXIO DE EDUC. INFANTIL E PRIMARIA	CONCESIÓN SUBVENCIÓN ACTIVIDADES EDUCATIVAS (COMPROMISO GASTO EXER ANTERIOR, RESOLUCION 03/12)
R	10/02/2020	900,00 €	G15587496	ARZÚA VETERANOS C.F.	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)

R	10/02/2020	800,00 €	G15959943	ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL A SOLAINA	CONCESIÓN DE AXUDA PARA FESTAS (COMPROMISO GASTO EXERC ANTERIORES, RESOLUCION 12/12/2019)
R	10/02/2020	800,00 €	G70524822	ASOCIACIÓN AMIGOS DE SANTA MARIA	CONCESIÓN DE AXUDA PARA FESTAS (COMPROMISO GASTO EXERC ANTERIORES, RESOLUCION 08/11/2019)
R	10/02/2020	800,00 €	G15340821	ASOCIACIÓN VECIÑOS ""CAMPO"" SAN ESTEBAN DO CAMPO	CONCESIÓN DE AXUDA PARA FESTAS (COMPROMISO GASTO EXERC ANTERIORES, RESOLUCION 12/12/2019)
R	10/02/2020	800,00 €	G70211834	ASOCIACIÓN CULTURAL DE VECIÑOS CASTAÑEDA E FIGUEROA	CONCESIÓN DE AXUDAS PARA FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS
R	10/02/2020	800,00 €	G15377427	ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL ""CEPANOVA""	CONCESIÓN DE AXUDAS PARA FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS
R	10/02/2020	800,00 €	G70052949	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO DE A MELLA	CONCESIÓN DE AXUDAS PARA FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS
R	10/02/2020	800,00 €	G70079603	ASOC. VECIÑAL NOSA SRA. VISO DOMBODAN	CONCESIÓN DE AXUDAS PARA FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS
R	10/02/2020	800,00 €	G15929656	ASOCIAC. SOCIOCULTURAL SAN COSME DE OINS	CONCESIÓN DE AXUDAS PARA FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS
R	10/02/2020	800,00 €	G15913254	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PORTOBUXAN	CONCESIÓN DE FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS
R	23/12/2020	720,00 €	Q6555046I	COLEXIO DE EDUC. INFANTIL E PRIMARIA	SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NAS BASES EXECUCIÓN PARA CEIP ARZÑA PARA VIAXES E PROXECTOS FORMATIVOS E EDUCATIVOS
R	10/02/2020	700,00 €	G15247737	AGRUPACION DEPORTIVA BILLARDA	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	10/02/2020	600,00 €	G15228208	SOCIEDADE DE CAZA E PESCA RIO ISO	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	10/02/2020	600,00 €	G70274212	ASOCIACIÓN DE PESCADORES AMIGOS DO ISO	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	10/02/2020	600,00 €	G15602741	SOCIED. CAZADORES RIO MERA DE OINS	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
REIN	26/02/2020	600,00 €	G15228208	SOCIEDADE DE CAZA E PESCA RIO ISO	DEVOLUCION CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)
R	18/05/2020	600,00 €	G15228208	SOCIEDADE DE CAZA E PESCA RIO ISO	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (COMP GASTO EXERCICIOS ANTERIORES 27/11/2019)

UNIVERSO CONCELLO DE ARZÚA 2021 - LUCRATIVAS

Fase	Fecha	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
R	27/05/2021	3.000,00 €	78789449M	JORGE SANTISO PÉREZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	3.000,00 €	B15913205	CORZO GUARNICIONERIA, S.L.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	B15826183	PAZOS DE GALICIA SL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	45954166M	MIGUEL SANTALLA ABEL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	33296787D	SANMARTIN RODRIGUEZ, MARIA JOSE (CASA CHELO)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	76507451K	MANUEL JESUS RODRIGUEZ PAMPIN	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	33245978F	MANUEL VILELA CAMINO - CAFÉ BAR AMEIXA.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	B70440698	VARELA E HIJOS SERVICIOS HOSTELERIA, S.L.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	44849449R	ARNAU ESTEVE NAVARRO (Casa Asumpta)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	B15258668	AUTOESCOLA AGRA ARZÚA SL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	B15907975	PENSIÓN RESTAURANTE TEODORA, S.L.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	B70416664	GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC, S.L.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.500,00 €	78786039E	COUSO COUSO PILAR	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	28/05/2021	2.500,00 €	76513200C	JULIO VEIGA MELLA (CAFE BAR LUIS)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	16/06/2021	2.500,00 €	33296787D	SANMARTÍN RODRÍGUEZ, MARIA JOSE (CASA CHELO)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.304,87 €	J70579743	LA BOTICA DE JOSE, SC	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78786202R	PILAR BRAVO FERNANDEZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN

					80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78794909Z	NOEL ALONSO LOPEZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78802314J	VANESSA PEREIRO COUSO	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	B70470141	BREA AND LINK SL- BLANCO BREA INVERSORES	DISPOSICION DO COMPROMISO BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78798610N	MANUEL MARIÑO BARREIRO	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78791992H	MARIA MUIÑA PEREZ - MD LENCERIA E FOGAR	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	44842315C	SUSANA VEIGA PARRADO	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78806497X	TANIA MOURAZOS GARCIA	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78790769Z	EDUARDO BRANDARIZ COSTOYA (CASA BRANDARIZ)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78787497P	MIGUEL FRAGA DONO (MULTISERVICIOS CEMPES)	DISPOSICION DO COMPROMISO BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	33265663G	SAGRARIO PARRADO VIDAL (BOUTIQUE SARI)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	79332155A	NURIA VEIGA MOSCOSO	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	X4480840A	WEI WANG (GRAN EUROPA ASIA)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	33286895F	VAZQUEZ VEIGA, ROSARIO (A QUEIXEIRA DE ARZÚA)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	2.000,00 €	78783908F	FCO. JAVIER LAGE VAZQUEZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	16/03/2021	2.000,00 €	G15637325	ASOCIACIÓN AMARAI	80 % ANTICIPO A SINATURA CONVENIO CLAÑSULA 7Ñ
R	27/05/2021	1.938,75 €	33276211H	CARMEN DURO BARRAN	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	13/04/2021	1.580,00 €	78791992H	MARIA MUIÑA PEREZ - MD LENCERIA E FOGAR	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES

R	27/05/2021	1.528,48 €	44834303N	NATALIA SANCHEZ VIDAL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.524,95 €	78787946C	LAMAS GOMEZ,J.MANUEL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	B70581749	FUENTE SALETA SL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	33212053F	LOPEZ CODESIDO TERESA	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	44831708Q	JAVIER ALONSO LOPEZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	46901891S	JESUS MARIA RODRIGUEZ MONTERO	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	B70436407	CHACAL ARZÚA, SL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	B70466388	PICO FONTAN, S.L.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	76507516V	MARIA CLARA FATIMA RAPOSO RODRIGUEZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	78794491X	MARIA ISABEL VAZQUEZ SEGADE	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	78811031J	XULIO COSTOYA PAMPIN	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	78780965P	JOSE MANUEL PIMENTEL GARCIA	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	44830480F	LILIANA MERA VIDAL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	71444371T	MARIA CAMINO MARTIN VILDA - LIBRERIA CARTAFOL	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	B70135637	ASIRAI XOIA, S.L.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	B15419625	SAAVEDRA PEREIRA, S.L.	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	45861790C	MANUEL RUA ANDRADE	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	B15666365	CASA LUCAS, S.L.	DISPOSICION DO COMPROMISCO BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL

R	27/05/2021	1.500,00 €	33283489M	PARRADO VIDAL, FERNANDO	DISPOSICION DO COMPROMISO BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	78788648D	BEGOÑA CONDE VILLAR	DISPOSICION DO COMPROMISO BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.500,00 €	33237762W	ANTONIO MOSOCOS FURELOS	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	13/04/2021	1.380,00 €	34585082M	SPORT MODA	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES
R	13/04/2021	1.340,00 €	78802314J	VANESSA PEREIRO COUSO	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES
R	27/05/2021	1.314,67 €	47382901A	LUCIA LOPEZ GRAÑA	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	13/04/2021	1.160,00 €	78783908F	FCO. JAVIER LAGE VAZQUEZ	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES
R	27/05/2021	1.124,77 €	32768437S	MARTA SARANDESES CENDON (LA TIENDA DE MARTA)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	1.102,19 €	78783780V	MANUEL RAMOS RUA	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	13/04/2021	1.020,00 €	76823359R	ANA MOSQUERA BLANCO - CARNICERIA MOSQUERA	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES
R	13/04/2021	1.000,00 €	33265663G	SAGRARIO PARRADO VIDAL (BOUTIQUE SARI)	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES
R	27/05/2021	983,36 €	33288793L	JOSE RAMON OTERO PAZOS	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	907,77 €	79319070M	MARIA VIQUEIRA GOMEZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	13/04/2021	860,00 €	44819748Q	RODRIGUEZ RAMOS, ANA MARIA	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES
R	13/04/2021	860,00 €	44839226J	VERÓNICA GARCÍA GONZÁLEZ - MODA CAROLA	APROBACION DE BASES REGULADORAS AXUDAS ""ARZÚA A TUA TENDA"" PARA PAGO DE ANTIACIPO A COMERCIOS COLABORADORES
R	27/05/2021	826,70 €	44815568E	MARIA LÓPEZ LÓPEZ	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	756,20 €	J15574619	MARIA DOLORES PINTOR FREIRE Y OTRA S.C. - TENDA DAS DE BURRES	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL
R	27/05/2021	697,38 €	76513443X	SESTO RUA, MANUEL (COCINAS MODELO)	RECONOCEMENTO DA OBLIGACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PEL REACTIVA-FINANCIADO NUN 80% POLA DIPUTACIÓN PROVINCIAL

UNIVERSO CONCELLO DE ARZÚA 2021 - NON LUCRATIVAS

Fase	Fecha	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
R	04/11/2021	44.000,00 €	G15384837	CASINO SOCIEDAD DEPORTIVA ARZÚA	P SUBVENCIÓN NOMINATIVA TEMPORADA 2021-2022 (EXP TEDEC 2021/A004/000002)
R	23/09/2021	11.000,00 €	G15384837	CASINO SOCIEDAD DEPORTIVA ARZÚA	MANDAMENTO DO PAGO 20% SUBVENCIÓN CSD ARZÚA TEMPADA 2020/2021
R	23/12/2021	2.400,00 €	G15346109	ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMARCA ARZÚA	80% ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA PROMOCIONAR O COMERCIO DE ARZÚA (EXPED TEDEC: 2021/A004/000003)
R	16/03/2021	2.000,00 €	G15637325	ASOCIACIÓN AMARAI	80 % ANTICIPO A SINATURA CONVENIO CLAÑSULA 7Ñ
R	10/02/2021	800,00 €	G15650807	ASOCIACION DE VECIÑOS O COTO DE MAROXO	CONCESION DE AXUDA PARA FESTAS (COMPROMISO GASTO EXERC ANTERIORES, RESOLUCION 08/11/2019)
R	02/06/2021	714,75 €	R1500051F	COLEXIO NTRA SRA ROSARIO	RECT SALDO decreto 318/2021- aprobación xustificación axuda concedida no ano 2020 decreto 683/2020
R	02/06/2021	600,00 €	G15346109	ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMARCA ARZÚA	DECRETO 318/2021 (RECTIFIC ERRORES, DECRETO APROBAC JUSTIFICACIÓN 683/2020- APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN AXUDA 2020

PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2023, REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2020 e 2021 POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.
EXPEDIENTE: 2022000031371

1.- INTRODUCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como di a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, sección e servizos.

Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NA DEPUTACIÓN

O Pleno da Deputación provincial da Coruña, na sesión ordinaria do 30 de decembro do ano 2015 adoptou o acordo de aceptar a delegación de competencias para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Boqueixón .

A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP o 01/04/2016 e no DOGA o 02/12/2016.

3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NOS EXERCICIOS 2020 e 2021.

O control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención provincial xa vén realizando dende o ano 2006, **amosando os resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra**

o fraude, no só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.

Posto que na Deputación procede este ano 2023 executar o control sobre **as subvencións pagadas nos anos 2020 e 2021,** seguindo o mesmo criterio, tamén se farán o control financeiro das subvencións de Boqueixón pagadas eses mesmo anos.

Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

O Plan executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas nos exercicios 2020 e 2021 polo concello de Boqueixón a entidades privadas, segundo listaxe que se incorpora como Anexo a este informe.

